

FRASES FEITAS

SAÍDA DE TON → IMPERTINENCIA, GROSERÍA

SEN TON NI SON → SEN MOTIVO, SEN SENTIDO

FÓRA DE TON → SEN MOTIVO, SEN SENTIDO

SUBIR O TON → ALZAR A VOZ COMO MOSTRA DE ENFADO

A TON CON → ADECUADAMENTE, EN HARMONÍA

VOCABULARIO

SAIA → PRENDA DE ROUPA DE MULLER

RATO → UTENSILIO PARA MOVER O PUNTEIRO DO ORDENADOR

PETO → OBXECTO ONDE GARDAMOS OS AFORROS

SABA → ROUPA DE CAMA QUE POÑEMOS POR ENRIBA DO EDREDÓN

TEITO → PARTE SUPERIOR QUE COBRE UNHA CASA, UNHA VIVENDA OU CALQUERA CONSTRUCCIÓN OU CAVIDADE SEMELLANTE, CONSIDERADA ESPECIALMENTE POLO LADO INTERIOR.

CHAN → SUPERFICIE QUE PISAMOS

ANDEL → TÁBOA COLOCADA HORIZONTALMENTE QUE SERVE PARA COLOCAR COUSAS ENRIBA, COMA LIBROS, POR EXEMPLO.

LENTES → INSTRUMENTO ÓPTICO PARA PODER VER BEN.

FIESTRA → ABERTURA NA PAREDE PARA DEIXAR ENTRAR O AIRE E A LUZ, XERALMENTE CERRADA CON VIDROS.

CADEIRA → ASENTOS INDIVIDUAIS CON RESPALDO

LÁMPADA → APARELLO QUE SERVE DE SOPORTE A UNHA OU MÁIS LUCES ARTIFICIAIS.

CHAVEIRO → OBXECTO QUE SERVE PARA LEVAR AS CHAVES

XERSEI → PEZA DE ROUPA DE PUNTO QUE SE VISTE POLA CABEZA E COBRE O CORPO ATA O VAN.

CUARTO → PEZA DUNHA CASA ONDE SE DORME

BOTELLO → OBXECTO PARA BEBER AGUA

TESOIRA → UTENSILIO QUE SERVE PARA CORTAR

CORTIZA → OBXECTO QUE SERVE PARA COLGAR COUSAS, NORMALMENTE CON CHINCHETAS.

ALMOFADA → COXÍN SOBRE O QUE APOIAMOS A CABEZA PARA DURMIR.

CURRUNCHO → SITIO APARTADO, MÁIS OU MENOS PEQUENO E OCULTO, DENTRO DUN ESPAZO MAIOR.

COLGADOIRO → OBXECTO QUE SERVE PARA COLGAR AS COUSAS: ROUPA, BOLSOS...

ESPERTADOR → OBXECTO QUE SERVE PARA ESPERTAR

GRAMPADORA → INSTRUMENTO QUE SERVE PARA GRAMPAR OU FIXAR GRAMPAS.

CHUVASQUEIRO → PRENDA DE ROUPA QUE NOS PROTEXE DA CHUVIA

MESA DE NOITE → MOBLE QUE SE PON AO LADO DA CAMA E SERVE PARA DEIXAR COUSAS ENRIBA, COMO O MÓBIL, UNHA LÁMPADA...

AS PALABRAS

HAI PALABRAS FORMADAS POR UN SÓ ELEMENTO, E POLO TANTO, NON PODEN DESCOMPOÑERSE, COMO POR EXEMPLO: FELIZ, TERRA...

EN CAMBIO, A MAIORÍA, ESTÁN FORMADAS POR VARIOS ELEMENTOS, COMO POR EXEMPLO: AVÓS, MULLERES...

AS PALABRAS ESTÁN FORMADAS POR DÚAS PARTES: **O LEXEMA E O MORFEMA.**

O LEXEMA: É A PARTE INVARIABLE DA PALABRA E CONTÉN O SEU SIGNIFICADO.

EXEMPLO: IM-PAR FERV-O

O MORFEMA: NON POSÚE SIGNIFICADO LÉXICO, PERO ACHEGAN DETERMINADA INFORMACIÓN.

EXEMPLO: IM-PAR RELOX-ERÍA

SEGÚN OS ELEMENTOS DOS QUE CONSTAN, AS PALABRAS CLASIFÍCANSE EN:

SIMPLES:

- FORMADAS SÓ POR UN LEXEMA: AVÓ, MAÑÁ, ONTE...
- FORMADAS POR LEXEMA MAIS MORFEMAS GRAMATICAIS: AVÓS, MULLERES...

COMPOSTAS:

- FORMADAS POR DOUS LEXEMAS: FOTOCOPIA, BALONCESTO....

DERIVADAS:

- FORMADAS POR PREFIXO MAIS LEXEMA: IM-PAR, POS-GUERRA...

- FORMADAS POR LEXEMA MAIS SUFIXO: CORUÑ-ÉS, FROITERÍA
- FORMADAS POR PREFIXO MAIS LEXEMA MAIS SUFIXO: EXTRA-TERR-ESTRE, INTER-NACION-AL

FAMILIA LÉXICA

UNHA FAMILIA LÉXICA É O CONXUNTO DE TODAS AS PALABRAS (SIMPLES, COMPOSTAS E DERIVADAS) QUE TEÑEN O MESMO LEXEMA.

POR EXEMPLO A FAMILIA LÉXICA DE **TERRA** É:

TERRAPLÉN, TERRÁQUEO, TERREAL, TERREÑO, TERRESTRE, TERRÓN, ATERRAR, ENTERRAR...